

Cada vez é máis habitual a presenza da **vespa asiática (velutina)** nos nosos montes, polo que debes telo en conta na planificación dos teus traballos forestais.

1

Antes de empezar os traballos

- Realiza un recoñecemento exhaustivo da parcela (árbores, chan, muros, etc.) e comproba que non existen niños de velutina na zona.
- Ten en conta que os niños que están no medio das silveiras ou entre o mato soen ser máis difíciles de detectar.

2

Se atopas un niño de velutina


- Non te achegues a menos de 5 metros do niño.
- Non lles provoques danos; non o golpees nin molestes as velutinas. Lembra que normalmente só atacan ao verse ou sentirse atacadas.
- Non cortes polo pé unha árbore que conteña un niño, ou ben que poida afectar na súa caída a outra árbore que o albergue. Non roces silveiras ou matos que conteñan niños.
- Avisa a todos os compañeiros de traballo da presenza do niño e sinaliza a zona.
- Chama ao 012 e comunícao.

012

3

Como actuar no caso dun ataque

- Se te atacan fuxe o máis rápido posible e busca un refuxio (vehículos, edificacións, arbustos, cultivos densos como o millo, etc...).
- Mentres escapas procura evitar que as velutinas te ataquen nas áreas máis sensibles da cara, como pode ser a zona dos ollos. Tamén teñen tendencia a picar na parte de atrás do pescozo polo que se recomenda protexer esta zona coas mans ou roupa.
- Non tentes eliminar as velutinas nin axitar os teus brazos para espantalas. As velutinas son atraídas polos movementos bruscos e as que son esmagadas emiten un cheiro que atrae máis velutinas.
- Se ves que alguén é atacado por velutinas, non te achegues para axudalo. Chama ao número de emerxencias (112) onde te informarán de como debes actuar e avisarán aos medios de emerxencia para que se trasladen ao lugar se é preciso.



Lembra

As persoas alérxicas deben levar sempre consigo a medicación necesaria para administrarse en caso de picaduras.

